

## DOMINGO I DO ADVENTO (C)

### PRIMEIRA LECTURA Xer 33, 14-16

Lectura do libro do profeta Xeremías

Velaquí os días -é o Señor quen fala- nos que cumprirei a promesa que lles fixen á casa de Israel e á casa de Xudá. Nos días aqueles e no intre aquel farei abrollar de David un xermolo lexítimo, que practicará o dereito e a xustiza no país. Nos días aqueles salvarase Xudá, e Xerusalén descansará na seguridade, e este lugar chamarase: "¡Señor, nosa xustiza!".

### SALMO RESPONSORIAL Sal 24, 4bc-5ab. 8-9. 10 e 14

R/. (1b): A Ti, Señor, elevo a miña alma.

Amósame, Señor, os teus camiños,  
ensíname os teus sendeiros,  
diríxeme na túa verdade, apréndeme,  
que ti e-lo meu Deus salvador.

O Señor é bo e recto:  
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;  
El dirixe na xustiza os humildes,  
e amósalle-lo seu camiño ós pobres.

Os camiños do Señor son todos misericordia e lealdade,  
para os que gardan a súa alianza e os seus preceptos.  
É grande a confianza do Señor cos que o temen,  
e maniféstalle-la súa alianza.

**SEGUNDA LECTURA** 1 Tes 3, 12 -- 4, 2

Lectura da Primeira carta do Apóstolo San Paulo ós Tesalonicenses

Irmáns: Que o Señor vos faga medrar no amor duns cos outros e con todos, ata rebordar, como nos pasa a nós respecto de vós. Que El afinque os vosos corazóns nunha santidad sen falla diante de Deus, noso Pai, cando veña o noso Señor Xesús con tódolos seus santos.

Polo demais, irmáns, pedímosvos con insistencia como cristiáns que, xa que aprendestes de nós como cómpre andar para contenta-lo Señor, que sigades así e que progresedes aínda máis. Porque ben sabedes que instrucións vos temos dado de parte do Señor Xesús.

**EVANXEO** Lc 21, 25-28. 34-36

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxoles Xesús ós seus discípulos: - Haberá sinais no sol, na lúa e nas estrelas; e na terra as nacións tremerán coa angustia diante do bruar do mar e das ondas; os homes morrerán cheos de medo e de desacougo, polo que virá enriba do mundo, pois mesmo os astros abalarán. Entón verán o Fillo do Home vir sobre unha nube con grande poder e gloria.

Pero cando empece a suceder todo isto, poñédevos de pé e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación. Tende conta de vós mesmos; non sexa que vos atordoedes na borracheira, na libertinaxe e nas preocupacións da vida, e de súpeto caia sobre vós aquel día; porque caerá como un lazo sobre tódolos que habitan a terra. Vós vixiade sempre, e pregade para que poidades escapar de todo o que está por vir, e comparecer así seguros diante do Fillo do Home.